



BANDO

D. JESÚS MANUEL NÚÑEZ DÍAZ, Alcalde-Presidente do Concello de As Nogais (Lugo).

F A G O S A B E R:

Que o Concello de As Nogais está a levar a cabo o **INVENTARIO DE CAMIÑOS E BENS DE TITULARIDADE MUNICIPAL** cos seguintes obxectivos:

1º.- Catalogar e delimitar correctamente os trazados dos camiños públicos que conteñen erros ou non figuran na cartografía, facilitando, á súa vez, que queden tamén ben delimitadas as parcelas privadas que colindan con estes.

2º.- Dar cumprimento á obrigatoriedade de contar cun inventario valorado de todos os bens e dereitos que lle pertencen, de acordo coa normativa vixente en materia de réxime local, así como velar pola protección e defensa do dominio público.

3º.- Facilitar a xestión e a mellora da mobilidade local e potenciar as alternativas de desenvolvemento local no ámbito das comunicacións, do emprego, do ocio e do turismo.

Na actualidade o procedemento está na fase de desenvolver os traballos técnicos necesarios para a investigación, identificación, comprobación, revisión, actualización e ordenación dos bens que estean ou deban estar contidos no Inventario de Vías Públicas e Zonas Verdes do Concello de As Nogais.

En relación ó catastro existe unha problemática importante xa que a cartografía oficial recolle como camiños públicos vías que realmente son servidumes de paso, accesos privados, etc. Pola contra, tamén se dan casos nos que os trazados dos camiños públicos non figuran na cartografía catastral polo que deben ser recuperados, documentados e incorporados novamente ó dominio público. Todos estes aspectos causan problemas importantes á hora de delimitar a propiedade privada e o dominio público municipal.

Por todo o anterior, o Concello de As Nogais pretende dar participación a toda a veciñanza no proceso de inventariado a través das reunións de traballo que se celebrarán no **Salón de Plenos do Concello de As Nogais** segundo o calendario que se amosa no reverso desta páxina.

Agardando a colaboración de todos os veciños e veciñas, asino o presente en As Nogais a 8 de setembro de 2023.

O ALCALDE, Jesús Manuel Núñez Díaz. *(Asinado dixitalmente á marxe)*



| Reunións de traballo. Inventario de Bens Municipais | | |
|--|----------------|-----------------|
| NUCLEO | DIA | HORA |
| Alence | 18 de setembro | De 9 a 11 h. |
| As Cruces | 18 de setembro | De 11 a 13 h. |
| Pando e Vilarín | 18 de setembro | De 13 a 15 h. |
| Doncos | 19 de setembro | De 9 a 15 h. |
| Espariz | 20 de setembro | De 9 a 11 h. |
| Robledo e Chan de Vilar | 20 de setembro | De 11 a 13 h. |
| As Fontes e A Pedriña | 20 de setembro | De 13 a 15 h. |
| Vilarín | 21 de setembro | De 9 a 11 h. |
| Sebrás | 21 de setembro | De 11 a 13 h. |
| Moral | 21 de setembro | De 13 a 15 h. |
| A Silvela e A Dorna | 22 de setembro | De 9 a 11 h. |
| Brañas | 22 de setembro | De 11 a 13 h. |
| Ferreiras | 22 de setembro | De 13 a 15 h. |
| San Pedro | 25 de setembro | De 9 a 11 h. |
| Barraceira e O Coedo | 25 de setembro | De 11 a 13 h. |
| Castelo | 25 de setembro | De 13 a 15 h. |
| Noceda e San Clodio | 26 de setembro | De 9 a 13 h. |
| A Pía e A Serra | 26 de setembro | De 13 a 15 h. |
| As Nogais | 27 de setembro | De 9 h. a 15 h. |
| Follobal e Cabanas | 28 de setembro | De 9 a 13 h. |
| Casares | 28 de setembro | De 13 a 15 h. |
| O Cubilledo e Forcas | 29 de setembro | De 9 a 11 h. |
| Nullán | 29 de setembro | De 11 a 15 h. |
| Sinllán | 2 de outubro | De 9 a 11 h. |
| Vilabol | 2 de outubro | De 11 a 13 h. |
| Vilaesteba | 2 de outubro | De 13 a 15 h. |
| Quintá, Mazo e Vilela | 3 de outubro | De 9 a 11h. |
| Vilaicente | 3 de outubro | De 11 a 13 h. |
| Riomaio | 3 de outubro | De 13 a 15 h. |
| Estacas e Rodis | 4 de outubro | De 9 a 11h. |
| Torés | 4 de outubro | De 11 a 15 h. |
| Busgulmar | 9 de outubro | De 9 a 11 h. |
| A Lagúa e Fonfría | 9 de outubro | De 11 a 13 h. |
| Pintidoira | 9 de outubro | De 13 a 15 h. |
| Vilar e Santo André | 10 de outubro | De 9 a 11 h. |
| Fonte do Cando e Castiñeiras | 10 de outubro | De 11 a 13 h. |
| A Ferrería | 10 de outubro | De 13 a 15 h. |
| Lama da Vila e Vilavexe | 11 de outubro | De 9 a 11 h. |